

Un poeta arxentino en Galicia: González Carbalho¹

Antonio Requeni*

González Carbalho (asinou tódolos seus libros cos dous apelidos, omitindo o nome de pía, José) naceu en Buenos Aires, no barrio de San Telmo, o 18 de decembro do 1899. Fillo de emigrantes galegos, quedou orfo de nai de moi neno e os seus anos de infancia posounos a carón do seu pai, a súa irmá María Irene e dunha serventa galega. O mesmo González Carbalho contou, no prólogo de *Libro de canciones para Rosalía de Castro*, o seu recordo daquela muller humilde que velou a súa infancia afacendo o seu oído ó dóce idioma dos seus devanceiros.

Manos pacientes que no eran las de mi madre, y de amor, como las de ella hubieran sido —escribiu o poeta—, cuidaron mi niñez. Perteneían a un ser que desbordó en ternura y sacrificó todos sus afanes por el niño huérfano. Historias y leyendas que después hallé en los libros, salían de sus labios para

(*) Traducción do orixinal castelán de Blanca-Ana Roig Rechou.

1. González Carbalho naceu en Buenos Aires o 18 de decembro de 1899 e morreu na súa cidade o 19 de xuño do 1958. Exerceu o xornalismo nos diarios *Crítica e Noticias Gráficas* e foi crítico de arte de *La Prensa*. Dictou a cátedra de literatura española no Colegio Nacional Hipólito Yrigoyen. Publicou os seguintes libros:

Poesía: *Campanas en la tarde* (1922); *Casa de oración* (1924); *Palabras del retorno* (1926); *La ciudad del alba* (1928); *Día de canciones* (1930. Premio Jockey Club); *Cantados* (1933. Premio Municipal); *El ángel harapiento* (1937); *Tiempo de amor perdido* (1940); *Orilla nocturna* (1941); *Solo en el tiempo* (1943); *Canciones de la primera noche* (1946); *Antología*. Selección y epílogo de Rafael Alberti y prólogo de Pablo Neruda (1948); *Cuando estuve en Belén* (1951); *Canciones con hojas secas* (1952); *Libro de canciones para Rosalía de Castro* (1954); *El río que no vuelve* (1959)

Antoloxía: *Índice de la poesía contemporánea argentina*, Santiago de Chile 1937.

Prosa: *El libro de Angel Luis*, cuentos, 1926; *Nacimiento y destino de la canción*, 1928; *Palabras con resplandor y poetas para nuestro silencio*, 1929; *Historias de niños*, cuentos 1931; *Vida, obra y muerte de Federico García Lorca*, 1938; *Fader*, 1943; *La ventana entreabierta*, cuentos, 1944; *La estrellita de trolley* (recopilación de artigos xornalísticos), 1967; *Estampas de Buenos Aires*, 1971; *Jardín perdido*, cuentos, 1979.

Teatro: *Arrabal de Carriego*, estrenada no Teatro Liceo, de Buenos Aires no 1951; *Cornamusa*, estrenada no Instituto de Arte Moderno, no 1953.

Ensaio: *Idioma y poesía gallega*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

dormirme. Su generoso amor, su entrega incondicional a mi educación para luego alejarse, ya anciana, sabiéndome criado, acreditaban la nobleza de un elegido.

E o poeta engadía: «Era un tema de Rosalía».

Foi o pai de González Carbalho quen descubriu ó neno o fascinante mundo da poesía ó poñer nas súas mans un tomo de *Follas novas*. Aquela criatura, arrolada nos seus primeiros anos con cancións de berce galegas, entraba nun país máxico de palabras e ritmos da man dunha fada tamén galega: Rosalía de Castro. Esas vivencias calaron moi fondo na alma do neno que entón era e que, dalgún modo, seguiu a ser ó longo dos seus anos. Porque un poeta é un neno que non tivo suficiente tempo para soñar. A pureza da súa vida, a tenrura inocente e sabia que presidiu os seus actos de adulto, a claridade e frescura que irradian moitos dos seus versos son reflexos dun espírito que conservou na súa intimidade a credulidade e o candor da infancia.

O encontro con Rosalía, que para el non representou soamente o paradigma da expresión dun pobo senón o maravilloso descubrimento da poesía, tiña forzosamente que impresionar a súa sensibilidade, como aquelas estampas familiares nas que o nome de Galicia flotaba sobre seres e cousas. E González Carbalho, no intre de se mergullar no misterio da súa condición humana, atopou na literatura galega, na súa identificación sentimental coa alma galega, algunhas das máis profundas claves da súa personalidade.

Outra das experiencias que perduraron na súa memoria, alimentando a súa natureza sensible, foi a contemplación do pai reunido ó redor da mesa familiar con amigos recién chegados da Galicia remota, envolta xa para o neno en líricas néboas de lenda. Aquelas demoradas lérias de sobremesa impregnaban a súa imaxinación con fragancias campestres ou mariñeiras; acariñaban os seus oídos coa música dese idioma co arrullo do que adormecera e que, anos despois, lle abriu as portas da poesía, territorio máxico do que sería, para sempre, un fervoroso habitante.

O neno fíxose home e, leal á súa vocación e ós seus soños, escribiu libros de poemas que atoparon eco auspicioso entre os máis importantes escritores do momento: Leopoldo Lugones, Alfonsina Storni, Pedro Miguel Obligado... Os seus temas eran o barrio, a casa, a irmá entrañable, os amigos, o amor, a tenrura, e unha franciscana relixiosidade. E nun deses primeiros libros, o seu soneto a Rosalía, o inevitable testemuño dunha nostalxia que alentaba no seu corazón dende a súa idade máis pura, pugnando por florecer en palabras. O poema, publicado orixinalmente en 1925 en Correo de Galicia, integraría o seu libro *Palabras del retorno*, de 1926.

Te hallé en tus versos, santa Rosalía,
como si hallase en ellos a una hermana,
y hoy por el grifo de mi pecho mana
el agua gris de tu melancolía.

Y a la región he de llegar un día
donde quedó en lamento de campana

tu voz ungida en la tragedia humana
cantando un largo canto de agonía.

He de cruzar los campos que cruzaste
y en la vieja casona en que moraste
pondré la flor de una oración cristiana.

Luego hallaré tu espíritu vagando
por los caminos; y al hallarlo, hermana,
me iré impensadamente arrodillando.

Versos premonitorios que cumplirían co mandato do seu autor moitos anos despois, nos últimos días do mes de abril do 1955, ó chegar a Galicia e anicarse para recoller e bicar unha presada de terra que foi dos seus maiores, dese limo que, dende séculos atrás, se arrastraba pola corrente das súas veas.

Entre 1953 e 1954, González Carbalho escribira o seu *Libro de canciones para Rosalía de Castro*, que editou o Centro Gallego de Buenos Aires, e antes pronunciou dúas conferencias sobre a lingua e a poesía galegas. Eran aproximacións líricas, tanteos, preparación previa ó grande salto por enriba do océano; un salto que, el sabíao, podía ser mortal para o seu corazón ferido –un infarto cardíaco mantivéao inmóbil durante máis dun mes, o ano anterior. González Carbalho era un home extremadamente sensitivo, fácil presa da emoción e, aínda máis, da anguria. Recordo ter asistido a algúns deses instantes nos que, conmovido por un acontecemento aparentemente minúsculo pero de profunda resoancia emotiva, o poeta botou man dun chiste para esconder a súa turbación.

Imaxino o impacto da súa chegada a Galicia. Ese sentimento flúe, inevitable, polas páxinas que deixou escritas nun ou noutro sitio ó relatar a súa impresión de fillo pródigo que regresa «patria anterior». Esas páxinas son a confirmación dun destino que se cumpría, despois de moitos anos de fidelidade, a través de longos kilómetros de nostalxia.

Penso no interesante que resultaría recordar as palabras textuais con que González Carbalho adoitaba narrar a súa visita a Galicia durante as caminatas que, acompañado por Jazmín, o seu can, fixemos polas rúas de San Telmo, despois do seu regreso de Europa. O poeta percorrera parte de España, Francia e Italia. En todos eses países a súa sensibilidade foi sacudida polas máis diversas paisaxes, seres e circunstancias, pero ningunha desas experiencias podía borrar a primeira, que foi ó mesmo tempo a máis profunda e forte: a súa emoción de Galicia. O poeta non ignoraba o ser arrastrado cara a alí como por un ignoto designio, talvez para cumprir unha cita concertada no onte do seu sangue; para levar a cabo o regreso que o seu pai nunca puido acadar.

Nun artigo publicado en *La Prensa*, o 21 de abril do 1957, fermosamente titulado «Temas de la patria anterior», o poeta, evocando o seu arribo a Vigo, díxonos:

Quienes fueron antes que yo en mi sangre, partieron por donde yo entré en España. Recuerdo que en algún coloquio de *lembrazas*, hablóme mi padre

de cuando se echaba a nadar en la radiante bahía de Vigo. Eran intentos para irse. Estaba haciendo la práctica para la gran travesía. El alma navegante se estaba familiarizando con la onda, el yodo, la brisa que blanquea de sal la cara. Así partió siendo niño. Y yo volví por donde él partió, siendo ya varias veces hombre. Es decir: hombre y experiencia, hombre y afán de indagar en la raíz, de sentirme en la fuente de la savia. Hombre que necesita respirar los aires de su patria anterior.

Quero evocar agora unha «impresión con aire de carta» na que González Carbalho narrou, máis pormenorizadamente, a súa chegada a Vigo. O barco francés no que viaxaba, o «Laë nec», ingresou na baía ó amencer. O pintor Manuel Colmeiro, que o acompañaba, ía enumerando os accidentes xeográficos e as poboacións que parecían ir despertando maxicamente, no instante de ser nomeadas. Ó decer pola rampa estreitaron o poeta os brazos de Paco Fernández del Riego e Emilio Alvarez Blázquez, escritores galegos. Ambos levárono a comer centolos, salferidos cun viño do ribeiro. Nese intre uníuselles un poeta: Celso Emilio Ferreiro. Estaba a carón dunha fiestra e González Carbalho observou que dende calquera ángulo que se mirase, contemplábase sempre a baía de Vigo, as súas auguas dun verdeazul alucinante. Contemplaba ás xentes, nos ollos das cales cría atopar unha natural nobreza. Contemplaba a lírica néboa difuminada á distancia. De súpeto estremeceu. Fernández del Riego estendera o índice dicindo: «tu padre nació allí, en el Val Miñor, puedes ir en tranvía...»

Camiñou toda a tarde co seus amigos. Anotou no seu caderno de apuntes:

La tarde resplandece. Los pinos extienden su umbrosa cabellera. Hay pájaros que cantan con cristal tan puro que obligan a callar. La claridad es también un cristal purísimo. Entonces me siento inauditamente dichoso y quedaría sentado sobre una piedra, como esa mujer que toma el sol, la cabeza cubierta por un pañuelo oscuro, oyendo el tiempo. Mi padre me dice desde mi corazón: «Está bien hijo mío». Y yo le respondo: «¿Sabes que vine a encontrarte en esta tierra, porque no era posible tanto tiempo sin verte?» ¿Sería exagerado decir que voy sabiendo quien soy, que comprendo mejor cuanto pienso, con estas cosas? Sigo caminando, los amigos a mi lado. Y un jilguero alza su voz, levantándonos en su trino, sosteniéndonos en el aire un instante en el que el cálculo del tiempo se pierde y puede ser la eternidad.

González Carbalho pasou días fecundos en Vigo, asistido por aqueles amigos que moi axiña o foron dun xeito entrañable. O xornalista Cesáreo Sáenz Uriondo fíxolle unha reportaxe, publicada no *Faro de Vigo*, onde o noso poeta falou da súa vida, do seu primeiro contacto coa obra de Rosalía, do libro de cancións que dedicou á cantora do Sar, e doutros galegos que admiraba: Curros Enríquez, Pondal, Amado Carballo, Noriega Varela e Pura Vázquez; eloxiou moi vivamente o labor do Centro Galego de Bos Aires e anunciou o seu desexo de publicar unha nova edición do seu *Libro de canciones para Rosalía de Castro*, con poemas novos que xa comezaran a se debuxar na súa mente ou no seu corazón, durante as primeiras andanzas pola terra galega.

De Vigo, González Carbalho partiu cara a Santiago de Compostela. Alí volveu a atopar brazos amigos que o estreitaron afectuosamente, en ademán de benvinda; entre eles o insigne Ramón Otero Pedrayo, que foi o seu cicerone por ese monumento inenarrable que é a cidade toda, coroada polas torres senlleiras da súa catedral. A emoción da súa primeira camiñata por Santiago quedou documentada noutro artigo que publicou en *La Prensa*, o 13 de maio do 1956:

Dejo mis maletas en el hotel y salgo, ansioso de caminar por Santiago de Compostela. La Rúa Nova me acoge con el monacal señorío de sus recias casas. Piedra, Severidad. Noble arquitectura neoclásica y barroca. *Rúa* donde el rumor de los pasos sobre las antiguas losas se apaga oscuramente y el paseante piensa que transcurre hacia dentro del tiempo. Ya estoy andando bajo soportales. Había hablado de ellos sin verlos. Son los mismos. Como también la lluvia es la misma que soñara. La capital religiosa de España –la ciudad que reza, como suele llamársela– es ciudad de lluvias. ¿Puede uno imaginarse a Santiago sin ese ámbito de recogimiento? ¿Quién no ha sentido, en algún instante, esa caricia menuda y tenaz que llaman *calabobos*? Esta lluvia no moja, bautiza. Es la bienvenida. Tiendo a ella las manos y la llevo a mi cuarto. Huele a aire, a nube. En mi interior, como una blanda hierbecita del campo, crece la sonrisa.

Despois será a visita, xunto con Otero Pedrayo, á Catedral, da que o poeta arxentino fai unha descrición que debe ser textualmente reproducida:

Agobiada la respiración, entreveo oro de altares, perennidad románica, arcos que vuelan, columnas asentadas en lo infinito, sarcófagos, sagrarios. Respiro incienso: oigo encendida la voz de los canónigos; se eleva esa voz a los espacios y tengo que arrodillarme, sumiso, ante la ola del cántico que se me echa encima. Muros, naves, capillas, ¿habéis contemplado con vuestros ojos habituados a la eternidad, al más indeciso de los fieles en aquel día de niebla, mientras tímidas luces entraban por los rosetones? ¿Habéis observado a aquel extraño y anónimo devoto descendiendo a la cripta de la santa reliquia, alzando la frente al *botafumeiro*, perdiéndose entre los majestuosos pilares, bajo las anchurosas y altas bóvedas, admirando los gigantes pájaros de sus órganos que, aunque mudos, sueltan para la imaginación torrentes de jubilosos y arrebatados cantos? ¿Le habéis oído invocar desde los más secretos de su alma a sus seres amados, clamar por su ayuda desde esa soledad inescrutable, en el maravilloso desamparo de afrontar solo la hora más clara de su vida?.

Acercándome al Pórtico de la Gloria comienzo a escuchar músicas. Aquellos veinticuatro ancianos luminosamente equilibrados en la archivolta central, que rodean al Cristo llagado, estáticos y al parecer inmutables con sus instrumentos, cobran vida, trascienden acordes y escucho la melodía de la Adoración, a la que se suman dolidas voces de ángeles que sostienen la cruz y la corona de espinas, y el pensamiento de los Evangelistas y la reverencia rendida del pueblo. Todas las gradaciones del himno parten de los arcos laterales, de sus santas figuras bíblicas, de sus representaciones de las virtudes y los pecados, de su movimiento teológico de alas. Cantan las formas sagradas y las columnas, el rostro sonriente de Daniel y la serenidad benévola

de San Pedro, las almas salvadas y los ángeles con trompetas en los ángulos. Y envuelta por la alucinante marea de sones, por su desatada claridad creciente como un alba mística, la imagen del Apóstol Santiago, bendiciendo ya con la dulce, sencilla, reposada expresión.

Máis que unha cidade, Santiago de Compostela foi para González Carbalho un símbolo, unha metáfora de pedra. Sentiuse desubicado no espacio e no tempo cando as campás do Apóstolo pareceron trasladalo a un ámbito extraterrestre, que máis participaba da fantasía ou o soño ca da realidade. Contribuíu a isto, sen dúbida, a conversa de Otero Pedrayo, sobre a que o noso poeta fixo o seguinte comentario: «Otero Pedrayo sabe de la existencia compostelana no sólo aquello que fue sino lo que imagina su inventiva visionaria».

Outra das amizades que quedaron solidamente cimentadas en Santiago foi a do pintor Maside, a obra do cal admiraba e sobre a que se propuxo escribir unha monografía. O destino quería que estes dous amigos, o poeta e o pintor, morresen tres anos despois do encontro, no 1958, con poucos días de diferenza, un na súa Galicia materna e o outro no seu barrio de Buenos Aires, envolto nas brétemas frías do outono.

Dende Santiago de Compostela, Gonzalo Carbalho viaxou un día en automóbil con Otero Pedrayo, o médico e ensaísta Domingo García Sabell e con Ramón Piñeiro, a un dos sitios que eran para o escritor arxentino unha meta da súa peregrinaxe emotiva: Padrón, lugar do pasamento de Rosalía.

La primera evidencia de Rosalía –deixou escrito nun artigo que se publicou na revista porteña *El Hogar*– la tuve al acercarme a la iglesia de Santa María la Mayor de Iria Flavia. A la vista de su aguja hubiera querido apaciguar la marcha del coche. Descendí despacio y fui andando hacia el templo, cuyo pórtico data del siglo XII, de modo que la presencia de la alondra fue tan real como cuando ella acudía a rezar por sus deudos y servidores. En el atrio, como es tradicional en toda Galicia, el cementerio. El de Adina tiene un valor emocional distinto: en el recibiron sepultura, por espacio de cinco años, los restos de la escritora. Al desenterrarlos para su traslado a la iglesia de Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela, hallose el cuerpo y las violetas que tenía en su pecho, como si la muerte no hubiera pasado para ellos.

Cabe recordar que González Carbalho glosou este episodio no poema «Leyenda del ramito», publicado no seu libro *Libro de canciones para Rosalía de Castro*.

O noso poeta e os seus acompañantes foron despois cara á finca «La Matanza», derradeira residencia da escritora, onde os esperaba Camilo Agrasar, o seu coidador, un obreiro simple («uno de los seres más transparentes que he conocido», apuntou o poeta) quen fixera da veneración de Rosalía a xustificación da súa vida. Camilo conduciunos a través do horto, entre flores e paxaros, ata o corpo central do edificio, onde González Carbalho se comoveu ó observar a mesa e o banco de rústica pedra onde Rosalía pasaba as súas mellores horas lendo e escribindo. Novo estremecemento: Camilo sinalou o lugar onde a poetisa morrera e comentou detalles previos á súa

morte. O poeta viu vivir a Rosalía, viuna andar por eses cuartos austeros na súa modestia, nobres na súa humildade. A súa voz chegáballe dende a distancia, repetíaa un eco misterioso en tódolos recantos do cuarto. Rosalía faláballe de cousas domésticas, chamaba ás súas fillas, pronunciaba o nome da nai e do seu home, Manuel Murguía. González Carbalho anotou entón:

Salgo a la solana buscando brisa, anchura de campo para los ojos. Y su presencia se me impone todavía con más fuerza. Desde ese balcón ella contemplaba el campanario de la Colegiata y divisaba los árboles del camposanto. La visión ha cambiado. Padrón ha crecido, extensiones que eran prado son hoy caserío, y la estación del ferrocarril tiene un piso más. Pero aún así las torres de Santa María alcanzan a verse y escucho el canto de sus campanas.

Parágrafos máis adiante, o poeta continuaba:

Nos devolvemos al jardín, caminamos por el huerto invadido de hierba salvaje. Detengo la mirada sobre un rosal, sobre una rosa de un rojo nocturno, inverosímilmente aterciopelada. Y las manos de Camilo Agrasar van hacia la rosa, inexorables, y la cortan para mí. Recompensa de este hombre reconocido porque amo el recuerdo de Rosalía. Para eludir mi confusión, informa que al huerto le hace falta salvia y hierba luisa. En tanto, el grupo de amigos nos hemos quedado recibiendo con placer el sol benévolo de la tarde, que empieza a refrescar. Y Otero Pedrayo, inesperadamente pensativo, monologa en su claro idioma: «¡Cómo apañaría Rosalía este solciño...!»

Os amigos despedíronse do bo Camilo e seguiron a marcha cara ó Pazo de Arretén, onde Rosalía pasou parte da súa infancia. González Carbalho apuntou poéticas observacións sobre a paisaxe: varias mulleres que lavan roupa inclinadas sobre un manantial, un carro que cruza, tirado por bois; aldeñás dunha soa rúa escalonada, cuberta por longas lousas de pedra, e a ambos lados, casas pequenas, pobres, limpas, con xentes estáticas nas portas. En cada imaxe, o noso poeta vía temas de Rosalía. Comeza a anoitecer e González Carbalho anota no seu caderno:

La brisa húmeda del Sar llega a nuestra frente. Escuchamos. ¿Es el canto del río? ¿Rosalía –preguntamos–, es tu alma que viene a nosotros, a acariciarte, en estas cosas de la naturaleza y de los hombres? Como respuesta, los grillos derraman la frescura de su canto. Se alza ese canto en la tarde, como en el ámbito de un poema de *Follas novas*. A nuestros labios acuden los versos que decimos en voz alta, y todos callan, como en una misa del corazón.

Era ó caer d'a tarde,
encomenzaba o cántico d'os grilos...

Durante os aburados días de González Carbalho por Galicia foron moitas as experiencias, case agoniantes, as anovadas sensacións detectadas polo seu corazón

predisposto por longos anos de saudade e xa, tamén, ferido dunha ferida mortal. Nas notas que publicou ó seu regreso hai interesantísimas apreciacións e comentarios acerca das xentes, das claves existenciais dunha raza que amaba, por ser a súa, pero que ademais podía interpretar lucidamente pois a miraba, á vez, con certo distanciamento, dende a súa perspectiva de home americano.

Quero transcribir, a modo de exemplo, uns parágrafos nos que despois de pintar unha escena aldeá, describe a lería de dous campesiños mozos:

Siento el olor de la campiña mezclado a las voces. Aire y luz se funden al idioma. Nada disiente. Los sonos hablados remedan brisas, la voz se expande en el espacio, queda gravitando, retorna. Y se posan mis ojos en el púrpura de los labios, viéndolos en el movimiento que los vincula como frutos a la naturaleza. Tienen estas muchachas los ojos azules, hay mar en ellos y dicen horizonte, lejanía.

Y de pronto, una de las voces se aísla en el canto. Galicia, tal como la he visto, es melancólica, pues su alegría emana de una rezumante ternura. Y la ternura nunca es alegre del todo. Pero sus canciones y danzas tienen el arranque de una liberación. La campesina rompió el curso de la charla irrumpiendo con una canción surgida del arrebato. Imposible describir, en la luminosidad abriñeira, ese chorro ascendente de sonidos. La letra correspondía a la temática popular; acaso era de relación sentimental o del cándido realismo que abunda en la poesía del pueblo. Pero la cadencia, sostenida por el arranque, alcanzaba asimismo, una voluntad interior. Quien así cantaba estaba encerrándose en algún pensamiento, en quién sabe qué maduración del recuerdo, por medio del cantar.

González Carballo foi poeta e xornalista. Esa dobre actividade axudouno a comprender mellor a realidade galega. En moitas das páxinas que deixou escritas resalta a observación sutil, o rexistro de detalles que contribúen a unha captación máis profunda. Esa capacidade para deterse a inventariar os elementos representativos da realidade adoita ser don ou virtude do xornalista. E González Carballo foino, ininterrompidamente, durante moitos anos. Pero ademais era poeta e as súas antenas sensibles estaban sempre prontas para sintonizar a alma das cousas e trasegar esa mensaxe en palabras. Mallarmé dixo que tódalas loitas do home, as victorias ou as derrotas da humanidade, rematan convertidas en palabras, existen para as palabras, son o pretexto e a xustificación, talvez, dun fermoso libro ou dunha páxina imperecedoira. González Carballo, xornalista e poeta, acertou a ver e sentir Galicia. E aquela realidade xeográfica e humana xustifica hoxe unhas palabras que, como as de todo poeta verdadeiro, nacidas do asombro ou o fervor e cuñadas á calor da tenrura, se inscriben para sempre no Tempo.

González Carballo foi, por outra parte, non só poeta no verso senón tamén na prosa. Eu diría que, ademais, na vida. Por iso, cada páxina por el redactada, aínda que non participe das características tipográficas tradicionais do verso, está sempre transitada por un auténtico lirismo. Xa o vimos a través dos parágrafos lidos nos que se destaca o seu esplendor verbal, a súa riqueza metafórica, a súa refinada

espiritualidade e ese particular «estado de gracia» que é, para min, a clave fundamental da súa personalidade poética.

Ó seu regreso de Europa charlamos moitas veces sobre a viaxe. Aqueles diálogos que comezaran, dez anos antes, como conversacións entre mestre e alumno, de padriño a afillado intelectual ou espiritual, fixéronse máis frecuentes e íntimas nos derradeiros tempos. González Carbalho seguía sendo o mentor irremprazable á vez que o poeta admirado e o home máis puro e xeneroso que a vida me deparara coñecer. Pero nos últimos anos aquela gravitación case paternal foi adquirindo para min un carácter diferente; foi desacralizándose, para se situar nun nivel amistoso máis fraterno. En máis dunha ocasión acompañeino, como xa dixen, polo seu barrio, xunto ó seu can, e tamén polas rúas céntricas. Iamos ás veces ó cine, a comer ou a elixir un traxe nunha xastretería. E o tema da súa recente viaxe, case sempre proposto ou estimulado por min, animaba eses conversados paseos pola cidade. Recordo detalles das súas andanzas europeas que el gustaba contar tanto como escribilas, porque cada vez volvía a vivilas, recreándoas. Na última década da súa vida descubrira o teatro como medio de expresión e acariñaba o proxecto de compoñer unha obra teatral, entre fantástica e poética, sobre a vida e aventuras de Marco Polo. Outra ansia intensamente sentida e alimentada era o dun *Nuevo libro de canciones para Rosalía de Castro*. Pero antes quería terminar *El río que vuelve*, un tomo de poemas no que incluíría composicións non tan recentes con outras que se atopaban entón en proceso de elaboración. Entre esta últimas recordo unha que me leu un domingo pola mañá, na súa casa. Titulábase «Rastro sonoro» e entre as liñas dos seus versos resoaba o canto dun reiseñor oído en Guillarei.

Deu por fin termo ó seu libro. Coa emoción dun pai que vixía emocionado a xestación da súa criatura, elixiu os tipos de letra, ordenou a ubicación dos poemas, diagramou as páxinas, chegou a corrixir as primeiras probas de galera. Pero non veu nacer o libro.

O 19 de xuño de 1958, mentres se vestía para se dirixir á escola nocturna onde era profesor de literatura, o seu corazón detívose. Eu vino a penas unha hora despois e nunca se me borrará a imaxe daquel ser excepcional, pulcramente vestido e afeitado –como o vira sempre– inmóbil, sobre a cama, mentres Jazmín xemía apoiando dúas patas sobre o seu peito e nun recuncho choraba, impresionada, Celina, a ama galega do poeta. Eu non estaba en condicións de pensar absolutamente nada nese intre, pero ó transcorrer o tempo e recordar aquela escena estremecedora, tiven a mesma reflexión de González Carbalho ante outras suxestivas imaxes: «parecía un tema de Rosalía».

González Carbalho morreu sen poder escribir un *Nuevo libro de canciones para Rosalía de Castro*, pero en aquel que editou vai para case corenta anos o Centro Galego de Buenos Aires, hai poemas que garanten a perdurabilidade do seu nome. O remate destas palabras nas que quixen evocar –deliberadamente a través das súas– o itinerario do noso poeta por Galicia, quero transcribir unha composición en varios cantos na que González Carbalho fixo falar a seu pai, emigrante de dez anos de idade. O poema é, á vez, unha tenra homenaxe do poeta arxentino ós emigrantes galegos.

Cuando mi padre habló de su infancia

*Con malenconía
miran para o mar
os que n'outras terras
tén que buscar pan.*

*Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei...*

La llegada

Yo tenía diez años
y la sonrisa fácil,
cuando dejé la sombra
de aquellos robledales.
Pusiéronme en un barco
que rodó por los mares,
la armónica en los labios
hice todo el viaje,
y al llegar, que llegamos
por fin, vi un puerto grande.
El cielo gris lloraba
por el niño emigrante.
Como ella estaba lejos
el cielo era mi madre.
Bajas las nubes, eran
robles, pinos gigantes.
Iba por leña al monte
y oía manantiales.
Creíme regresando,
oh coitado, a mis lares.
Mi nostalgia, Galicia,
me hacía imaginarte.
Tras la brumosa lluvia
se alzaba Buenos Aires.
Tenía yo diez años.

¡Y ya sin nadie!

La Luna

El sueño de esa noche,
-¿por qué mundo?- primera,
fue una luna azorada
de rostro que alumea.

Una luna de mito,
de soledad gallega,
espallando sus luces
sobre la haz de la tierra.
La luna tiene un aire
de contar cosas viejas,
como cuando las madres
hilan de sobremesa.
Y yo soñ esa noche
desvelada de América,
con una luna cálida
como mi madre céltica.

Voces

Después fue la palabra
bíblica: trabajar.
Al otro día, apenas
abrí los ojos, ya
voces extrañas, voces
amigas y de paz,
dijéronme: –Levántate...
Trabajar... trabajar...
Pusiéronme en las manos
un pedazo de pan.
(¿Dónde estará mi madre;
mi perro, donde está?
Querría irme corriendo
a la orilla del mar...)
–Habrá que hacerse hombre.
–Claro, señor, que habrá.

La vida

Levantaba dos palmos
todavía del suelo.
Una vieja, nacida
en mi atlántico pueblo,
lloraba con mirarme.
Decía: –Probe neno...
Mezclado con los hombres
parecía más tierno.
Y ellos que sentenciaban:
–Hay que ser hombres...; luego
sonreían al verme
deslumbrado, pequeño.

Pero la vida era
quien me estaba diciendo:
–Hay que ser hombres... hombres...;
aún antes de tiempo.
Yo bajaba los ojos.
Los alzaba hacia el cielo.

El hombre

No lloraba por penas,
pero cuánto lloré.
Nadie pudo en mi cara
más que sonrisa ver,
aunque el niño sabía
y eso su pena fue,
que la infancia había muerto
y el hombre estaba en él.
¿Por qué en los sueños, siempre
lágrimas a correr?
¿Por qué húmeda mi cara?
¿Por qué ardiente mi piel?
¿Y por qué no sabía
de mi llanto el por qué?
Mi madre hubiera dicho:
–Que mala cara tés,
rapaz.... Ella, mi madre,
queriendo comprender,
me hubiera preguntado:
–Filho, te sentes ben?
No lloraba por penas,
pero cuánto lloré.
El niño ya sabía
que el hombre estaba en él.

Nostalgia

¿Sabéis que yo era dueño
de un río? ¿Que de un monte,
sabéis? De las mañanas
la copa de colores
rebosante, era mía.
¡Qué mío el horizonte!
Me acompañaban siempre
mi perro y mis canciones.
Ibamos en el viento.
Libres. Los pies veloces.

Animando los pájaros
de los alrededores.
Atando hebras de luz
para alumbrar las noches.
Subiendo por los pinos
hasta la fuente donde
la claridad es agua
manando sin rumores.
Ay, el dueño de valles
y misteriosos bosques
por el que andaba yo,
mi perro y mis canciones.
Mis canciones que vuelven
sólo para que lllore.
Mi perro ya olvidado
de obedecer al nombre.
Yo, que perdí mis cielos,
¡y soy tan pobre!

Estampa

Así dijo, queriendo
su mano fatigada
bendicir en los aires
el tiempo, la distancia;
tal vez alguna flor,
una invisible cara.
Así, severa imagen,
estaba
—la mano
levantada—
a nuestro lado, lejos,
ay, detrás de una lágrima,
como en un reino solo
perdido en su nostalgia;
devuelto al día casi
remoto de su infancia;
distante —con sus muertos—
y cerca en sus palabras.
Así
estaba.
Y sus hijos, absortos
ante la luz de estampa
que daba a su figura
la lumbre de la lámpara.

Luísa Blanco

Este ano de 1993 está dedicado ó escritor ourensán Eduardo Blanco Amor, por iso é moi frecuente que se publiquen libros e traballos co ánimo de que sexa máis coñecido¹. Eu ando a ler un deles escrito polo polígrafo Francisco Fernández del Riego, e nunha das súas interesantísimas páxinas, o que o estudioso dicía deume o título do que eu andaba a buscar para renderlle co meu traballo unha homenaxe ó escritor nado na cidade das Burgas, é o seguinte: «En Blanco Amor hai unha circunstancia biográfica que explica a presenza do Ourense natal na súa obra. A vida do emigrante que non asimilaba, era polo xeral unha vida profesional... Os días da emigración do escritor, que sumaban corenta e cinco anos, movéronse ao redor dun eixo que viraba sobre si mesmo. Era a vida en Ourense, nos anos básicos do ser desde a nada deica os dezaioito anos»². Isto foi precisamente o que me chamou a atención xa a primeira vez que lín a súa obra: a presenza de Ourense, de A. –tal como aparece nas novelas–, tanto que eu percorría mentalmente co narrador as rúas que tantas veces paseei nos anos da miña nenez e puberdade³; eu incluso «coñecín» algún dos personaxes que transitan polas páxinas blancoamorianas⁴. E xa veño de citar unha das presencias máis ourensás na obra que escollín para homenaxear a Blanco Amor: *Xente ao lonxe*⁵, que volvíñ ler con maior atención; trátase dos personaxes.

No axuste interno do proceso novelesco, ‘a presenza de medio cento de seres agonistas’ (Blanco Amor dixit)⁶ dá vida a unha panorámica social que se amosa dividida en dous niveis opostos: por unha banda, comerciantes e cregos, que

1. Vid. por exemplo, A. Tarrío Varela, *Primeiras experiencias narrativas de Blanco Amor*, Vigo: Galaxia, 1993; Xavier Carro, *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo: Galaxia; Luís Pérez, *Blanco-Amor e os seus escritos periódicos*, Vigo: Galaxia e Varios autores, *E. Blanco Amor*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Día das Letras Galegas 1993.

2. F. Fernández del Riego, *Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria*, Vigo: Ed. Ir Indo, col. A fraga, 1993, p. 35 e p. 72: «A xente desa novela está alí a vivir».

3. Vivín ata os dezaioito anos preto do Axuntamento, na zona vella de Ourense e a maioría das rúas, calexóns e prazas que aparecen en *Xente ao lonxe* e *A esmorga* sonme de sobras familiares.

4. Oín falar tanto dalgún deles que crin coñecelos e outros personaxes recórdanme o comportamento doutros coa mesma profesión que os descritos polo escritor. Vid. o libro editado pola Xunta de Galicia con motivo de dedicación deste ano ó escritor, p. 34: «Blanco Amor planea en *Xente ao lonxe* sobre a mesma Auriá que nos descobre *A esmorga*. Proba diso é a presenza nunha e noutra de personaxes comúns...»

5. *Xente ao lonxe*, Vigo: Ed. Galaxia, 1985 (4ª ed.).

6. Vid. del Riego, p. 128.

semellan encarnar o inmovilismo e a intolerancia; por outra parte os traballadores , solidarios, conscientes da súa condición e loitadores esforzados, «para quen van as simpatías do escritor»⁷.

Na súa maior parte estes máis de medio cento de agonistas existiron, pois o mesmo escritor ourensán «falaba tamén de que as narracións que escribira, xa home ben maduro, ocorreran no pasado ourensán. Un pasado que, desde lonxe, se trocaría en atmósfera máxica»⁸.

Entre os personaxes que existiron en Auria e que aparecen en Xente nos anos en que está ambientada a novela destacarían os seguintes, comenzando pola clase social que comprende ós comerciantes e os cregos que semellan encarnar o inmovilismo e a intolerancia⁹: «Su ilustrísima... outros que pra unha eirexa da terra de su Ilustrísima, que é da parte navarra, como sabedes» (p. 235).

Trátase, sen dúbida, do Bispo Eustaquio Ilundain, que estivo en Ourense de 1904 a 1921; o mesmo aparece varias veces a propósito dos acontecementos do Mosteiro de Oseira e que por este motivo o destinan a Sevilla¹⁰.

Un comerciante que tivo moito protagonismo social e económico no Ourense de principios de século foi o drogueiro Aperribay, citado en varias ocasións en Xente:

Como xa sabían que despois de cada 1º de maio fan «de quincena», facían o que podían pra desquitárense por adiantado: «¡Morra o preboste!»; «¡Abaixo o boticario Perreibay!» (p. 293).

Luís Rivas no capítulo dedicado a 'A chegada do cine' e á hora de falar da censura no cine dí: «Había unhas Xuntas Provinciais de Protección á Infancia... En Ourense no ano 1914, formaban o xurado da censura catro coñecidos conservadores, Ezequiel Aperribay...».

7. Vid. Xunta p. 33. Hai unha diferenza moi grande entre o número de agonistas, 'medio cento' según o que recolle del Riego e os autores do libro da Xunta (X. Rábade Paredes -H. Villar Janeiro) 'cento setenta personaxes. Vid. tamén entorno ó universo blancoamoriano, Pilar Lorenzo, 'O personaxe' en *Contribución ao estudo da novela de protagonista infantil e xuvenil na literatura galega contemporánea*, Sada-A Coruña: Ed. do Castro, 1981.

8. Cfr. del Riego, p. 112, e Xunta, p. 33: «... os actores principais van destacándose progresivamente no relato contra un fondo no que se move o proletariado de A... ó lonxe, enfócanse ou albíscanse outros grupos sociais...» Este alonxamento da realidade, este ver á xente dende a distancia, parece xustificarse na novela en moitas ocasións, vid. por exemplo p. 227: «Apagóu a bombilla e foise. Dorminme outravolta, ou somellóumo. Naquil entresono desacougado seguía a ouvir as voces ao lonxe, cada vez máis ao lonxe, de moita xente ao lonxe, tanta que tiña que ser un sono...»

9. Vid. nota 6; na corroboración dos personaxes reais colaboraron Luís Blanco e Celsa Rodríguez, quen sendo máis novos que o escritor, compartiron parte da circunstancia histórico-social da época; eles foron, sobre todo, os que me responderon as múltiples preguntas que lles prantexei en relación con moitos personaxes, ademais da consulta doutras persoas así como de libros como *De los corregidores a los gobernadores de Orense* de Luis M. García Mañá, La Coruña: Ed. La Voz de Galicia, 1986, (Mañá) e sobre todo *Do Posío os Remedios*, de Luís Rivas Villanueva, Ourense, 1989 (Rivas 1).

10. Cfr. Xente, p. 252: «O señor bispo desapareceu o primeiro día dos cantazos. Sópouse logo que se retirara, por un tempinho, ao convento de Allariz. Tres anos despóis era cardeal arcebispo de Híspalis». Vid. Rivas 1, p.30: «velou celosamente pola disciplina sendo trasladado a cadeira metropolitana de Sevilla... tiña teima coas diversións do pobo de Ourense».

O mesmo estudioso nun traballo aínda inédito¹¹ á hora de tratar á xente que posuía algún negocio, dí: «A droguería negocio de moita máis enxundia, pois vendía sin timidez drogas, atendiana, Pinal, Yebra y Aperribay, situados na rúa de Santo Domingo, negocio que aínda existe e que tiña dúas saídas e un grande almacén para atender a demanda de toda a provincia»; máis adiante, no mesmo traballo, cando o autor trata da Cámara Oficial de Comercio e Industria, do seu nacemento... volvemos atoparnos co Sr. Aperribay :» O día 10 de maio de 1900, os empresarios ourensáns tra-lo acordo das cámaras de comercio de toda España, pensan facer o primer peche xeral,... En xullo dese ano celébrase de novo Asamblea Xeral, renovándose os cargos de secretarios e de vocais... o tema levanta debate dentro da Cámara, facendo uso da palabra os señores Aperribay,...».

Outro personaxe moi representativo deste grupo social é un avogado, que non tiña moi boa sona, a vulgar polas testemuñas orais recollidos¹²:

Teu pai non terá máis defensor que o probe Quero... Por moitas que sexan as razóns de seu talento xurídico, que non lle faltan, leva enriba a chata de borrachín que autoriza aos mangantes da toga e aos entroidos da muceta a rírense dil sin xiquera entender seus argumentos (p. 262).

O colexio dos Irmáns Maristas, co nome ou alcume dalgún deles incluído, parece desatar en moitas ocasións a ira de Blanco Amor¹³; sabemos que el non estudiou neste colexio, sen embargo aparece moi citado; sen dúbida tiña compañeiros e amigos que estudiaban nel. Os irmáns maristas aparecen nomeados de diferentes formas á través da novela:

O frere Papuxas (p.159).

Ninguén de nós quería ao Papuxas, me caso nil e no seu babero, (p.160).

un bo modo de lle dar unha lección aos «baberos» (p. 222)

O frere François «Papuxas», sin os anteollos grosos non se sabía pra ónde fitaba... O Papuxas baixou do estrado e díulle un carracho a man aberta que coasi o debruza... O Papuxas, sin máis, empezou a pancadas de home, a man pecha, co Susiño da Severa que non ten corpo onde levalas. (p. 161).

Ao Papuxas xa o fletaron pra o Seminario de Tui pra que esteña máis seguro. (p. 165)¹⁴.

11. Neste traballo figuran moitos ourensáns da época, agrupados por tipos de traballos como carniceiros, panadeiros, confiteiros...

12. Segundo informacións dalgúns testigos da época, este avogado era pequeno e coxo; cando perdía un pleito, agachábase e miraba debaixo da mesa e o xuíz dicíalle: ¿que busca vostede? ¿a xusticia! respondíalle o avogado.

13. «Non merece un mellor trato tampouco a clerigalla: a intolerancia cruel do irmán Papuxas, o proxenetismo do irmán Pierre...», cfr. Xunta, p. 35.

14. Os Maristas fundaron un Colexio en Tui no ano 1922, o mesmo tempo era un Noviciado; máis tarde converteuse tamén en fogar de irmáns xa xubilados ou retirados da docencia.

Entre os personaxes máis representativos da clase social traballadora, dado que a novela pretende ser «un refleción del vivir de las clases trabajadoras del Ourense de hacia 1910 y de sus inquietudes políticas y sociales, de sus tareas cotidianas, de su vida, en fin»¹⁵, está Aser Vilar o pai do narrador Suso; un dos epígrafes do libro de Rivas está dedicado a 'A academia do Ferrín' que era unha das de máis sona de A. da «que se ten coñecemento polos textos publicados na revista Auriabella de 1903... a fama desta academia déulla o fundador Angel Ferrín Moreiras e os seus alumnos, entre os que se toparon Sebastián Martínez-Risco, sempre sentado na bancada ó carón do Aser, fillo de Angel Ferrín»... ; eu penso que o pai do narrador Suso, o Aser que tanto nomea a novela é este, o fillo do director da academia Ferrín¹⁶; ademais o narrador Suso traballa:

Ia facer ano e medio que entrara na imprenta «La Popular» (284).

que é precisamente onde traballaba Eleuterio , 'tipógrafo da Imprenta Popular'¹⁷ e compañeiro de estudos do pai do narrador Suso, do Aser.

Outros personaxes da clase traballadora son: o consciente compañeiro Serantes (p. 296) quen na manifestación do 1º de maio 'na Presidencia dise ano ían o Serantes polos carpinteiros de obra; o Cuanda polos xastres, o Vergés, Director do Orfeón Auriense, polos barbeiros... (p. 293)¹⁸.

Algunhas veces o lector atópase con que un personaxe ou agonista realiza unha certa actividade que o propio Blanco Amor facía, como é ser membro da Adoración Nocturna de Ourense, alomenos consta a súa petición e aceptación como «Tarsicio», dados os poucos anos que o escritor tiña nese momento¹⁹; atopamos estes personaxes que son adoradores nocturnos:

Eso asegún, porque eí tes ao máis novo dos do comercio do Aubonmarché que, con vinteseite anos ten cinco fillos, e o Aldana oito, e o Cardoso once, todos iles señoritos fora a alma, a máis do que chingan fora da casa.

15. Cfr. A. Tarrío Varela, *Literatura Gallega*, Madrid: Ed. Taurus 1988, p. 160.

16. Hai outro personaxe da clase traballadora que tenun gran protagonismo social, trátase de Aser do Campo, quen o 22 de xuño de 1913 participa nun mitín en Ourense 'ás 10,30 na Alameda para pedir que finalice a Guerra de Marrocos'; este mesmo Aser, en decembro de 1912, según unha nota de *La Región* é o secretario do Comité Ejecutivo Regional Agrario 'cuyos estatutos han sido entregados al gobernador para su aprobación y examen'; Vid. Rivas I, pp. 90 e 97 respectivamente. Parece que Blanco Amor funde en un ámbolos dous Aser.

17. Ibidem, p. 57; ademais o propio escritor traballou nesta imprenta onde 'escasamente resistira uns meses'; vid. Gonzalo Allegue, *Eduardo Blanco Amor. Diante dun xuíz ausente*, Vigo: Ed. Nigra, 1993, (EBA), p. 38: «Un día o seu primo Xavier Bóveda... levouno con el á imprenta La Popular. Bóveda pídelles que deixe o café e que se faga aprendiz de caixista, que non é mal oficio, e que lle permite a ilusión da letra impresa».

18. Cfr. *La Región* de Ourense do 22 de outubro de 1912 recolle un mitín celebrado o domingo día 20 dese mes no Centro de Sociedades Obreiras, ás 20,30 horas. «Miguel Serantes de la Sociedad de Carpinteiros vierte conceptos duros contra los capitalistas, al que debe combatir el obrero, sin personalizar jamás...»; este personaxe tamén aparece en *A esmorga*, cfr. p.20; tamén houbo un Cuanda funcionario da Deputación, tiña unha perna tesa (información de testigos). Vid. Rivas I p. 136: «A partir de 1892 a vida dos orfeonistas normalizouse baixo a dirección de Adolfo Berjes e coa axuda da Deputación»; en 1880 o tesoreiro da Sociedade Coral «Orfeón Orensano» era José Cuanda, empresario da hostelería; ibidem, p. 135.

19. Coa palabra 'Tarsicio' refírese o escritor a un membro do xurado do premio ó que presentou Xente, vid. del Riego, p. 156: «Para ese confesor de Tarsicios ou virxes ursulinas, os instantes escabrosos

Home, non todos. O Cardoso é da Adoración Nocturna. (p. 61).

... a filla do capataz de Fundición, Lucía do Quirino, que noustante ser o pai da Adoración Nocturna e gran vela en todas as procesións, (p. 153).

Hai un acontecemento ó que Blanco Amor dedica varias páxinas, tal é a importancia que lle concede, dada a cantidade de persoas de tódalas clases sociais implicadas nel; trátase dos sucesos acaecidos no Mosteiro de Oseira e nos que participa o propio escritor sendo moi neno²⁰:

Daquela o gobernador de A. era un conde vellouqueiro e bandullón, arrombado na Corte (na corte, como decía o Mosquera), sin cartos, sin profesión, coa cabeleira e as longas barbas brancas de «comendador que me pierdes» que lle daba un aquel de importancia teatral²¹.

O outro acontecemento ó que o escritor lle dedica tamén varias páxinas é á manifestación do primeiro de maio de 1912: Vexamos algún texto no que se describe:

Nos primeiros de maio de A., só remanecían abertas as tabernas e casas populares de comidas... Ben sabido era que os traballadores de A. armaban ise día grandes merendas familiares, a máis das famosas «lobadas» de solteiros e homes sós pra levaren á «Jira Campestre» que se facía despóis do mitin, no Campo dos Remedios (p. 220)²².

Ambolos dous acontecementos, os de Oseira e as manifestacións do primeiro de maio, marcan ó escritor dende neno, pois os dous feitos están presentes en moitas páxinas da novela que o escritor, dende a vellez, escribe, rememorando aqueles

puideron máis en contra que as que serían lóxicas valoracións académicas perante a lingua do libro». Vid. EBA, p.317, para o asunto da no concesión do Premio «Galicia» promovido polo Centro Galego; vid. tamén Carballo Calero, *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1975, pp. 717-8.

Según pode verse no documento adxunto, o escritor tiña doce anos no momento de facer a solicitude, pois según consta, naceu o 8-9-1898 e residía na rúa D. Juan de Austria, nº 9 (para a controvertida cuestión da data de nacemento vid. EBA p.31) avalada polo seu primo o poeta Javier Bóveda 'que escribe ao pagado madrigais para señoritas que logo reparte nunha bicicleta', *ibidem*, p. 38.

20. Vid. EBA, p. 37: «No 1909 o neno Eduardo Blanco está entre a multitude que apedrea o «Pazo Episcopal» e o Centro de Obreiros Católicos polos sucesos do Mosteiro de Oseira, nos que a Garda Civil disparara contra os campesiños. Noite tras noite acantazan a Galería do Pazo e a Audiencia. Estes sucesos novelaraos logo na súa novela Xente ao lonxe.

21. Trátase de Tomás Alonso Zabala, Conde de Buena Esperanza. «El año 1909 iba a traer al país un sinnúmero de sucesos, entre ellos la Semana Trágica de Barcelona. En Galicia se sintieron los efectos de estos hechos. En concreto en Orense se produjo el Motín de Oseira. Esto dio lugar al nuevo relevo en el Gobierno Civil de la Provincia, que por R.D. de 27 de junio de 1909 es ocupado por D. Francisco Garvi y Oliver, que a la sazón era Senador del Reino» (Mañá, p. 94).

22. Cfr. Rivas I, p. 83: «O grande día de festa dos obreiros era o primeiro de Maio, xornada convocada ano tras ano polo Centro de Sociedades Obreiras, pregándolle os obreiros, que non traballasen e despois que se manifestaran. O programa de preparación era motivo de longas discusións e dun esmerado e coidado deseño...»

sucesos que lle quedaron gravados na memoria; pódese dicir que ámbolos dous feitos están novelados, mais non por iso son menos reais, xa que a existencia da maioría dos personaxes implicados -empezando polo gobernador- está documentada puntualmente.

Son moitos máis os personaxes que viviron na época e que poderían tamén citarse tales como o Malingre, o da Fundición; os donos da Banca Romero; o médico Barada, que é un pseudónimo do Parada Justel; o dono do Bazar Peláez; as monxas Adoratrices e as da Inclusa, unhas recollían ós nenos e as outras ás 'nais' descarriadas; a Nonó e a Chelito, mulleres típicas de tódalas idades; o Orfeón ourensán; o reximento de Ceriñola ... pero penso que con aqueles son suficientes para constatar que Eduardo Blanco Amor novelaba uns acontecementos que ocorriran no pasado, e para reafirmar aínda máis a sensación de realidade puxo como protagonistas ós actantes/agonistas deses acontecementos, aqueles que verdadeiramente os protagonizaran, nomeándoos cos seus nomes e apelidos; para que non haxa dúbidas, incluso inclúe as profesións de cada un.

Trátase, en definitiva, dunha crónica do Ourense de primeiros do século XX, escrita por un testigo-actor da época, que polo tanto non pode ser totalmente obxectivo, nin o pretende. Mais aí quedan os datos que constatan as realidades noveladas por EBA.

Luísa Blanco
Universidade de Vigo